



CUESTIÓN DE... MEMORIA?

Esta actividade é unha dinámica que axudará a traballar o concepto da inxustiza na asignación de recursos e oportunidades.

Instrucións previas

- Aínda que o texto que entregaremos é o mesmo para todos os grupos, cada un conta cunhas pautas diferentes á hora de transmitir a mensaxe. Ao repartir as instrucións e explicar as dúbidas, non pode facerse no alto para todos.
- Entrégase a mensaxe aos que ocupan a primeira posición (A), memorízano e devolven, só pode tomar notas o do grupo 1.

Desenvolvemento


- Dividir aos alumnos en tres grupos, de número o máis similar posible. Entregar a cada grupo a súa folla de instrucións.
- Cando todos comprenderon as instrucións, pedir a cada grupo que se coloquen en liña, sentados en tres filas, de xeito que os tres grupos estean o máis afastados posible. Chamar aos que ocupan a primeira posición para que memoricen a mensaxe.
- Cando todos os grupos pasaron as súas mensaxes, as persoas da última posición len a mensaxe que escribiron e as pautas do seu grupo, comezando polo grupo 3 e acabando polo 1.
- Despois, ler a mensaxe orixinal e reflexionar co alumnado con preguntas como estas:
 - Cal foi o grupo que transmitiu a mensaxe máis fielmente?
 - É xusto valorar aos tres grupos por igual?, por que?
 - Como vos sentistes realizando a actividade.
 - As condicións foron iguais para todos?
 - Pensades que, cunha repartición xusta das posibilidades, os grupos poderían conseguir resultados similares?
 - Como definiríades nunha soa palabra as condicións dos grupos nesta actividade?





Instrucións Grupo 1

Debedes colocarnos en fila segundo o seguinte esquema:




Empezando pola persoa que ocupa o posto A, debedes transmitir oralmente o texto que se vos dará ao longo de toda a fila, ata quen ten o último posto (B). A comunicación faise en voz baixa, e non pode falar máis dun compoñente do grupo á vez.

Podedes preguntar e aclarar dúbidas coa persoa que vos pasa a información e tomar notas, aínda que non podedes ensinalas á seguinte persoa cando vos toque transmitila.

Ao final, quen ocupa o posto *B, apunta a mensaxe que lle transmiten.

Instrucións Grupo 2

Debedes colocarnos en fila segundo o seguinte esquema:



Empezando pola persoa que ocupa o posto A, debedes transmitir oralmente o texto que se vos dará ao longo de toda a fila, ata quen ten o último posto (B). A comunicación faise en voz baixa, e non pode falar máis dun compoñente do grupo á vez.

Podedes preguntar e aclarar dúbidas coa persoa que vos pasa a información.

A persoa que ocupa o posto B, única do grupo que ten papel e lapis, apunta a mensaxe que lle transmiten.

Instrucións Grupo 3

Debedes colocarnos en fila segundo o seguinte esquema:



Empezando pola persoa que ocupa o posto A, debedes transmitir oralmente o texto que se vos dará ao longo de toda a fila, ata quen ten o último posto (B). A comunicación faise en voz baixa, e non pode falar máis dun compoñente do grupo á vez.

Debedes memorizar a información que se vos pasa. A mensaxe debe ser transmitido dunha soa vez, non se pode repetir nin solicitar calquera tipo de pregunta nin aclaración.

A persoa que ocupa o posto B, única do grupo que ten papel e lapis, apunta a mensaxe que lle transmiten.

TEXTO

“Segundo a FAO, prodúcese o suficiente para alimentar a case o dobre da poboación mundial actual. Pero, aínda así, segue habendo uns 800 millóns de persoas que non poden comer, ás que non se lles recoñece de xeito real o seu dereito fundamental a alimentarse.”



CALCULA, INVESTIGA, CUESTIONA? SETEMBRO

Explicar o concepto de Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) utilizando como apoio o poster correspondente. Proxectar a infografía e comentar os datos que aparecen nela.

- Parécevos xusto a repartición que se fixo do diñeiro?
- Creedes que poderíades saír en tres dos grupos?
- Mirade outras formas de repartilo. Buscade a maneira de facelo de xeito máis xusto:
- A canto tocarían cada persoa?
- O noso país está no grupo dos 19 aos que tocarían 4,50€, polo tanto, iso sería o que vos correspondería. Ao repartir doutra maneira:
 - Sodes conscientes do que significaría para voso “benestar”?
 - Estariades dispostos a facer esa repartición?

ENCHENDO COMIDAS

Esta actividade é unha dinámica que axudará a reflexionar sobre a maneira inxusta en que están repartidos os alimentos no mundo.

Instrucións previas

- Imprimir no maior tamaño posible o modelo A e entregar un a cada grupo e preparar lapis de cores, tres por grupo (vermella, azul e amarela)
- Os grupos en que se dividirán representan os países clasificados polo seu IDH, aínda que en principio non se lles diga aos/ás alumnos/as: grupo 1 IDH moi alto, grupo 2 IDH alto, grupo 3 IDH medio, grupo 4 IDH baixo. A cada un dos grupos entrégaselle a súa ficha.

Desenvolvemento

- Dividir a clase en 4 grupos.
- Entregar a cada grupo os seus materiais, ler no alto as instrucións que aparecen na Ficha de Traballo e resolver todas as dúbidas que teñan.
- Cando os grupos teñan realizado o seu traballo, poñer os modelos á vista; reflexionando a partir de preguntas como estas:
 - A algún dos grupos foille difícil distribuír os seus alimentos?, por que?
 - Que nos chama a atención sobre a distribución dos alimentos?
 - Parécevos xusto a repartición de alimentos que se fixo? estades contentos co que vos tocou?
 - As dietas que aparecen parécennos equilibradas?, por que?
 - Esa repartición de alimentos realizouse ao azar sucede o mesmo co lugar onde nacemos? Polo que vedes, isto inflúe na nosa alimentación? que consecuencias pode ter na vida dunha persoa?



CALCULA, INVESTIGA, CUESTIONA? XANEIRO

Nesta infografía, e agrupados segundo o IDH dos grupos de países, vese o consumo de distintos produtos por habitante e ano. Os datos completos son¹:

Produtos	Países segundo o IDH				Datos para España
	MA	A	M	B	
Trigo	94	84	59	30	94
Arroz	14	27	48	40	8
Millo	7	16	36	35	2
Carne de vacún	18	11	8	6	12
Carne de porco	31	11	7	2	49
Carne de pito	29	30	13	5	29
Peixe	21	17	15	10	29

- Que é o primeiro que nos chama a atención á vista da imaxe?
- Que tipo de alimentación reflicten as columnas nos distintos grupos de países?
- Considerades que os datos de España reflicten a vosa dieta? Por exemplo: en que produtos dos que consumes está presente o trigo? cantas veces á semana consumes carne? E peixe?...Reflexionar en gran grupo.

NIVEL DE SECUNDARIA

Tendo en conta a cantidade de habitantes de cada un dos grupos de países; se os hábitos de consumo da poboación dos países de IDH moi alto (19% dos habitantes) estendésemos a toda a poboación mundial (7.300 millóns de persoas):

- Cal sería a cantidade total necesaria dos distintos alimentos?
- Cantas persoas poderían alimentarse na terra a partir da produción de 2014? (datos da infografía de novembro)

¹ Fonte: Web FAOSTAT, datos do ano 2013, último dispoñible.

MODELO A: organización das comidas

Almorzo																		
Media-mañá																		
Xantar																		
Merenda																		
Cea																		

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 1

No modelo A, debes distribuír os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día, coloreándoos segundo a cor do tipo de alimento correspondente. De cada cor tedes un número máximo de cadros que podedes pintar:

Carne, cor Vermella 26 cadros

Peixe, cor Azul 7 cadros

Cereais, cor Amarela 38 cadros

IMPORTANTE:

Debes distribuír a totalidade dos cadros dos que dispoñedes. Non tedes por que completar todas as comidas, podedes descartar algunha. Olo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro azul a unha peza de peixe, etc. Non fagades a distribución pensando dese xeito.

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 2

No modelo A, debes distribuír os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día, coloreándoos segundo a cor do tipo de alimento correspondente. De cada cor tedes un número máximo de cadros que podedes pintar:

Carne, cor Vermella 17 cadros

Peixe, cor Azul 6 cadros

Cereais, cor Amarela 42 cadros

IMPORTANTE:

Debes distribuír a totalidade dos cadros dos que dispoñedes. Non tedes por que completar todas as comidas, podedes descartar algunha. Olo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro azul a unha peza de peixe, etc. Non fagades a distribución pensando dese xeito.

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 3

No modelo A, debes distribuír os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día, coloreándoos segundo a cor do tipo de alimento correspondente. De cada cor tedes un número máximo de cadros que podedes pintar:

Carne, cor Vermella 9 cadros

Peixe, cor Azul 5 cadros

Cereais, cor Amarela 47 cadros

IMPORTANTE:

Debes distribuír a totalidade dos cadros dos que dispoñedes. Non tedes por que completar todas as comidas, podedes descartar algunha. Olo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro azul a unha peza de peixe, etc. Non fagades a distribución pensando dese xeito.

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 4

No modelo A, debes distribuír os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día, coloreándoos segundo a cor do tipo de alimento correspondente. De cada cor tedes un número máximo de cadros que podedes pintar:

Carne, cor Vermella 4 cadros

Peixe, cor Azul 3 cadros

Cereais, cor Amarela 35 cadros

IMPORTANTE:

Debes distribuír a totalidade dos cadros dos que dispoñedes. Non tedes por que completar todas as comidas, podedes descartar algunha. Olo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro azul a unha peza de peixe, etc. Non fagades a distribución pensando dese xeito.